

Aitor de Luis
González

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN
ENTRE
A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)
E
AITOR DE LUIS GONZÁLEZ

En Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha banda, D. Luciano Fernández Pintor, con D.N.I núm. [REDACTED] como Presidente da Federación Galega de Dano Cerebral (en diante FEGADACE) con CIF G70191051 e domicilio na rúa Galeras, nº 17, 2º, oficina 5, 15705, Santiago de Compostela.

Doutra banda, D. Aitor de Luis González (en diante Aitor de Luis), con DNI [REDACTED] na súa propia representación (en diante Aitor de Luis) e domicilio na rúa [REDACTED]

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que FEGADACE é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás cinco asociacións de persoas con dano cerebral adquirido (DCA en diante) e as súas familias de Galicia; sendo a súa misión mellorar a calidade de vida destas persoas nesta comunidade autónoma, a través do desenvolvemento de proxectos e accións orientados a: (i) incidencia política e reivindicación social para defensa dos seus dereitos; (ii) xeración de coñecemento científicos a través da investigación socio-sanitaria no eido do DCA; (iii) sensibilización, divulgación e concienciación social sobre o DCA; así como (iv) establecemento de alianzas estratéxicas e traballo en rede para aumentar o impacto e alcance das accións desenvolvidas.

SEGUNDO: Aitor de Luis é unha persoa profesional da natación de alta competición, que participa en travesías e retos de carácter nacional e internacional, ademais de desenvolver a súa labor profesional como auxiliar adestrador e socorrista.

TERCEIRO.- Que Aitor de Luis está interesado en colaborar nos fins de FEGADACE mediante accións orientadas á visibilización, divulgación, e difusión do DCA no ámbito da natación deportiva, así como dunha educación social en valores que promovan a solidariedade, o respecto e a inclusión,

través da práctica da natación, polo que subscriben un acordo marco de colaboración con base ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente Acordo Marco é o establecemento das bases polas que se rexerá a colaboración entre a FEGADACE e Aitor de Luis, para a posta en marcha e o desenvolvemento de actividades de sensibilización, divulgación, difusión e/ou concienciación social do DCA na que ambas partes estean interesadas.

Regular a execución e desenvolvemento de actividades deportivas de natación que busquen visibilizar e sensibilizar sobre o DCA e que impliquen a recadación de fondos e que teñan como beneficiaria a FEGADACE.

Usar a denominación e imaxe corporativa de ambas entidades única e exclusivamente para estes fins.

SEGUNDA: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán as persoas con DCA e as súas familias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, así como a sociedade xeral.

TERCEIRA: Compromisos e liñas xerais de colaboración

Ambas partes comprométense a participar e a colaborar activamente nas actividades e proxectos que se acorde establecer e que irán encamiñados, en termos xerais, a:

1. Fomentar a inclusión social a nivel local na área de Vigo, a nivel autonómico de Galicia así como nacional en España, a través da execución de actividades deportivas no eido da natación que promovan a participación de persoas con DCA.
2. Executar e desenvolver actividades deportivas no eido da natación que aumenten a visibilización social do DCA e, que implicando recadación de fondos, terían como beneficiaria a FEGADACE.
3. Promover a elaboración, publicación e difusión de materiais (de sensibilización, difusión, concienciación,...) que se consideren axeitados para algún dos grupos de destinatarios deste acordo (persoas con DCA, familias, sociedade xeral,...)
4. Realizar busca en conxunto de patrocinios e recursos materiais e financeiros que melloren as posibilidades de participación en actividades de natación deportiva de carácter local,

nacional e internacional de Aitor de Luis, e que poidan repercutir positivamente no aumento do coñecemento social do DCA así como financeiramente na FEGADACE.

5. Desde FEGADACE e asociacións membro, proveer a Aitor de Luis, información e formación específica en materia DCA (prevención, causas, consecuencias, necesidades de atención, etc.) para acadar un uso adecuado da denominación da discapacidade e coñecemento profundo das súas implicacións na vida das persoas.
6. Promover as alianzas oportunas con outros axentes para o deseño e desenvolvemento de programas e proxectos conxuntos que se enmarquen no obxecto deste convenio e nos obxectivos estratéxicos de ambas partes
7. Asesoramento e traballo compartido no deseño e posta en marcha de actividades deportivas que promovan a vida activo e saudable, como promoción de hábitos saudábeis para prevención das causas do DCA, como travesías a nado na comunidade autónoma galega en favor de FEGADACE e as entidades membro.
8. Fomentar hábitos hixiénico-sanitarios inherentes á práctica deportiva, así como o ocio saudábel a través do deporte como medio de prevención do consumo de sustancias tóxicas e outras prácticas nocivas para a saúde e que son factores de risco do DCA
9. Contribuír a través da práctica da natación a unha educación social en valores que promovan a solidariedade, o respecto e a inclusión.
10. Promover outras accións deportivas que contribúan a unha maior visibilización, participación e inclusión das persoas con dano cerebral en programas e servizos da comunidade.
11. Realización conxunta de actividades que promovan a participación das persoas con DCA usuarias da asociación ALENTO-Vigo, por ser o domicilio social de Aitor de Luis e onde desenvolve a meirande parte das súas accións. Sobre as colaboracións específicas que viñeran a acordarse neste sentido, informarase puntualmente á FEGADACE, por ser a parte asinante deste acordo regulador.
12. Na medida das súas posibilidades FEGADACE promoverá a captación de fondos e patrocinios para a realización das actividades deportivas e sufragamento dos gastos asociados en concepto de desprazamentos, inscricións, estancias, e outros derivados da participación en retos e travesías que aseguren a visibilización do dano cerebral adquirido e que conleven un retorno/recadación de fondos solidarios destinados á misión da federación.

As partes asinantes arbitrarán todas as medidas que sexan precisas para a debida custodia dos datos aos que teñan acceso e á confidencialidade no seu uso, nos termos que establece a Lexislación Vixente na materia de protección de datos.

QUINTA: Autorización

FEGADACE autoriza de forma expresa a inclusión do seu nome e logotipo, así como da marca "DCA" ou "Dano Cerebral" en aqueles elementos de difusión e publicidade necesarios para a difusión dos eventos e accións de colaboración obxecto deste acordo. Esta autorización é exclusiva para estes eventos e deberá ser comunicada previamente e coa antelación suficiente antes do seu uso en cada ocasión.


SEXTA: Seguimento e avaliación do acordo

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento, composta por, alomenos, unha persoa representante de cada parte. Esta comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano.


SÉTIMA.- Vixencia e sustentabilidade

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá un período de vixencia inicial de tres anos, co fin de que as partes poidan avaliar e consensuar a súa traxectoria conxunta, así como modificar, eliminar ou engadir os termos que sexan considerados a futuro. Entenderase a prórroga automática se non é revocado por ningunha das partes, alomenos, con 60 días de antelación.

O acordo obriga ao cumprimento do expresamente pactado, e as partes sométense ao acordado en todas as estipulacións. Como proba de conformidade, as partes asinan por duplicado o presente Acordo no lugar e datas indicados ao inicio do mesmo.



Asdo: D. Aitor de Luis González
En representación propia



Asdo: D. Luciano Fernández Pintor
Presidente FEGADACE